

CORRECCIÓN DE ERROS: ORDE do 7 de xuño de 2017 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

Advertido un erro na publicación da convocatoria de concurso específico de méritos para cubrir postos de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos, cómpre facer a seguinte corrección, que será obxecto de publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, <http://www.edu.xunta.es>.

No artigo 2, onde di

<<Artigo 2. *Requisitos de participación*

Poderá participar neste concurso o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, con destino en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que cumpran cos seguintes requisitos a 31 de agosto de 2017:

1. Contar cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como persoal funcionario para os postos de dirección de CFR e dun ano para os postos de asesoría.
2. Aqueles que se correspondan cos requisitos das prazas que figuran no anexo II da presente orde>>

debe dicir:

<<Artigo 2. *Requisitos de participación*

Poderá participar neste concurso o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que cumpran cos seguintes requisitos o 31 de agosto de 2017:

1. Contar cun mínimo de cinco anos de experiencia docente como persoal funcionario para os postos de dirección de CFR e dun ano para os postos de asesoría.
2. Aqueles que se correspondan cos requisitos das prazas que figuran no anexo II da presente orde>>